Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, ou na norma que o substitúa.

*Disposición transitoria*

Mentres non se aproben as ordes as que se refiren os artigos 3º e 5º deste decreto, as instalacións continuarán inscribíndose e as empresas autorizándose de acordo cos procedementos administrativos existentes.

Os carnés de instalador de fontanaría e documentos de autorización de empresa, expedidos de acordo coas normas existentes, seguirán sendo válidos en canto non se regule novamente a súa expedición.

*Disposición derrogatoria*

Queda derrogada a sección segunda do capítulo II do Decreto 204/1994, do 16 de xuño, sobre seguridade industrial.

*Disposición derradeira*

Primeira.-Facúltase a persoa titular da consellería competente en materia de industria para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia.*

Santiago de Compostela, vinte e oito de febreiro de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Decreto* 43/2008, *do 28 de febreiro, polo que se determina o ámbito de aplicación dos plans de ordenación dos recursos forestais para Galicia.*

O aproveitamento sustentable do potencial do sector forestal galego tense que basear, entre outros grandes piares, na ordenación territorial dos usos múltiples do monte, e para iso é necesario dotar toda a superficie de terreo forestal de Galicia de instrumentos de planificación que regulen e fomenten as actividades económicas, sociais e ambientais dos nosos bosques.

A estrutura administrativa da consellería competente en materia forestal, anteriormente a Consellería de Medio Ambiente e agora a Consellería do Medio Rural, desembocou nunha división en distritos forestais atendendo a condicións de homoxeneidade estrutural tanto dos recursos forestais coma das condicións socioeconómicas e ambientais e para acadar unha descentralización administrativa que axilizase a actuación da Administración e achegase esta aos administrados.

Que, segundo o artigo 31.4º da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, o ámbito territorial dos plans de ordenación dos recursos forestais serán os territorios forestais con características xeográficas, socioeconómicas, ecolóxicas, culturais ou paisaxísticas homoxéneas, de extensión comarcal ou equivalente. Poderanse adaptar a aquelas comarcalizacións e divisións de ámbito subrexional realizadas pola ordenación do territorio ou outras específicas divisións administrativas propias das comunidades autónomas.

Que un dos obxectivos prioritarios da Xunta de Galicia é a regulación do uso forestal no marco da ordenación territorial, como piar onde fundamentar a nova política forestal.

Xa que logo, no uso das atribucións concedidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e demais normativa concordante, e por proposta do conselleiro do Medio Rural de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e oito de febreiro de dous mil oito,

*DISPOÑO:*

Artigo único.

1. Para os efectos da redacción e aplicación dos plans de ordenación dos recursos forestais (PORF), entenderase por monte os terreos definidos no artigo 5 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

2. Declaránse como ámbito territorial dos PORF, para os efectos do artigo 31.4º da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, cada un dos 19 distritos forestais de Galicia recollidos no anexo, por albergar características xeográficas, socioeconómicas, ecolóxicas, culturais e paisaxísticas homoxéneas, presentando unha extensión óptima para a planificación do uso forestal no marco da ordenación territorial.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Consellería do Medio Rural para ditar cantas disposicións coide necesarias en desenvolvemento e aplicación deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia.*

Santiago de Compostela, vinte e oito de febreiro de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

*ANEXO*

*A Coruña.

I-Ferrol.

Concello:

Ares, Cabanas, A Capela, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Narón, Neda, Ortigueira, Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño, As Somozas, Valdoviño.

II-Bergantiños-Mariñas Coruñesas.

Concello:

Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cabana de Bergantiños, Cambre, Carballo, Carral, Cesuras, Coirós, Coristanco, A Coruña, Culleredo, Curtis, Irixoa, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Miño, Oleiros, Oza dos Ríos, Paderne, Ponteceso, Vilarmaior, Vilasantar.

III-Santiago-Meseta Interior.

Concello:

Ames, Arzúa, Brión, Cerceda, Mesía, Ordes, Oroso, O Pino, Santiago de Compostela, Santiso, Sobrado, Teo, Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra.

IV-Barbanza.

Concello:

A Baña, Boiro, Dodro, Lousame, Negreira, Noia, Outes, Padrón, A Pobra do Caramiñal, O Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Rois.

V-Fisterra.

Concello:

Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Mazaricos, Muros, Muxía, Santa Comba, Vimianzo, Zas.

*Lugo.

VI-A Mariña Lucense.

Concello:

Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ourol, A Pontenova, Ribadeo, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro, Xove.

VII-A Fonsagrada-Os Ancares.

Concello:

Baleira, Baralla, Becerreá, Cervantes, A Fonsagrada, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro.

VIII-Terra de Lemos.

Concello:

Bóveda, Carballedo, Chantada, Folgoso do Courel, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, O Saviñao, Sober, Taboada.

IX-Lugo-Sarria.

Concello:

Antas de Ulla, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, O Incio, Láncara, Lugo, Monterroso, Outeiro de Rei, Palas de Rei, Paradela, O Páramo, Portomarín, Rábade, Samos, Sarria, Triacastela.

X-A Terra-Chá.

Concello:

Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Meira, Muras, A Pastoriza, Pol, Ribeira de Piquín, Riotorto, Vilalba, Xermade.

*Ourense.

XI-O Ribeiro-Arenteiro.

Concello:

A Arnoia, Avión, Beade, Beariz, Boborás, Carballeda de Avia, O Carballiño, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, O Irixo, Leiro, Maside, Melón, Piñor, Punxín, Ribadavia, San Amaro, San Cristovo de Cea.

XII-Miño-A Arnoia.

Concello:

Allariz, Amoeiro, Baños de Molgas, Barbadás, A Bola, Cartelle, Celanova, Coles, Esgos, Gomesende, Maceda, A Merca, Nogueira de Ramuín, Ourense, Paderne de Allariz, Padrenda, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, Pontedeva, Quintela de Leirado, Ramirás, San Cibrao das Viñas, Taboadela, Toén, Verea, Vilamarín, Xunqueira de Ambía, Xunqueira de Espadanedo.

XIII-Valdeorras-Trives.

Concello:

O Barco de Valdeorras, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Larouco, Manzaneda, Montederramo, Parada de Sil.

Petín, A Pobra de Trives, A Rúa, Rubiá, San Xoán de Río, A Teixeira, A Veiga, Vilamartín de Valdeorras.

XIV-Verín-Viana.

Concello:

Castrelo do Val, Cualedro, A Gudiña, Laza, A Mezquita, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Viana do Bolo, Vilardevós, Vilariño de Conso.

XV-A Limia.

Concello:

Baltar, Bande, Os Blancos, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios, Muíños, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Xinzo de Limia.

*Pontevedra.

XVI-Deza-Tabeirós.

Concello:

Agolada, Cerdedo, Dozón, A Estrada, Forcarei, Lalín, Rodeiro, Silleda, Vila de Cruces.

XVII-O Condado-A Paradanta.

Concello:

Arbo, A Cañiza, Covelo, Crecente, Mondariz, Mondariz-Balneario, As Neves, Ponteareas, Salvaterra de Miño.

XVIII-Vigo-Baixo Miño.

Concello:

Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, A Guarda, Mos, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, O Rosal, Salceda de Caselas, Soutomaior, Tomiño, Tui, Vigo.

XIX-Caldas-O Salnés.

Concello:

A Illa de Arousa, Barro, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Campo Lameiro, Cangas, Catoira, Cotobade, Cuntis, O Grove, A Lama, Marín, Meaño, Meis, Moaña, Moraña, Poio, Ponte Caldelas, Pontecesures, Pontevedra, Portas, Ribadumia, Sanxenxo, Valga, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa.

## CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

*Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se regula o control da descarga e do transporte dos produtos pesqueiros frescos ata a fase de primeira venda e o transporte de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos.*

O Regulamento (CEE) nº 2847/1993, do Consello, do 12 de outubre, e posteriores modificacións, polo que se establece un réxime de control aplicable á política pesqueira común, introduce no seu título II artigo 13 a obriga de que todos os produtos da pesca desembarcados ou importados na comunidade, e para os que non se presentase unha nota de venda, nin unha declaración de recollida, e que se transporten a un lugar distinto do de desembarque ou importación, deberán ir acompañados dun documento ata que se efectúe a primeira venda.

Así mesmo, o artigo 9 do citado regulamento comunitario establece que cando os produtos non se poñan á venda, ou se destinen a unha venda posterior, deberán presentarlles ás autoridades competentes unha declaración de recollida.

O regulamento citado na alínea anterior recolleuse na lexislación estatal mediante o Real decreto 2064/2004, modificado polo Real decreto 607/2006, polo que se ditan as normas para o control da primeira venda dos produtos pesqueiros, co obxecto de establecer a normativa básica en materia de ordenación do sector pesqueiro que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1º.19 da Constitución.

O Decreto 419/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre descarga, primeira venda e comercialización dos recursos mariños en fresco, modificado polo Decreto 101/2006, do 8 de xuño, establece que se o propietario das especies descargadas decide vender estas nunha lonxa ou centro de venda distintos do porto de descarga, poderá facer o transporte das devanditas especies por vía terrestre ata a lonxa ou centro de venda de destino, coa obtención previa da guía de descarga.

O Regulamento comunitario 853/2004, do 29 de abril, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, establece no seu capítulo I sección VII que cando se traslade un lote de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos entre establecementos, traslado que incluirá a chegada do lote ao centro de expedición ou ao establecemento de transformación, o lote deberá ir acompañado dun documento de rexistro.

Na Comunidade Autónoma de Galicia a explotación dos moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos atópase regulada a través de plans de explotación en que as organizacións asumen o control da produción, polo que, coa finalidade de adaptar e complementar a regulamentación estatal e comunitaria ao sistema de funcionamento desta actividade e co fin de garantir a rastrexabilidade do produto, faise necesario desenvolver un documento de orixe que recolla a produción a partir da zona de extracción ata a lonxa-lugar de concentración ou clasificación.

De acordo co anteriormente disposto, tras a consulta aos sectores pesqueiros e comercializador afectados, e en virtude das facultades que teño conferidas,

*DISPOÑO:*

### Capítulo I
### Disposicións xerais

Artigo 1º.-*Obxecto e ámbito.*

O obxecto desta orde é regular, no ámbito territorial da comunidade autónoma:

a) A descarga e o transporte dos produtos pesqueiros frescos e da acuicultura ata a primeira venda na lonxa ou centro de venda autorizado.

b) O transporte de moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños vivos a partir da zona de produción ou a partir dun establecemento de acuicultura ata un centro de expedición ou de depuración, unha zona de reinstalación ou un establecemento de transformación.

Artigo 2º.-*Expedición de documentos e comunicación de datos.*

1. A Administración porá á disposición dos usuarios dos documentos aos que se refire esta orde as aplicacións informáticas necesarias para facilitar a súa expedición, rexistro e comunicación á consellería competente en materia de pesca.

2. Unha vez expedidos os documentos regulados nesta orde, remitiranse nun prazo máximo de 48 horas ao Servizo de Mercado da Pesca da Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca.

3. De todos os documentos regulados nesta orde, tanto o responsable da súa expedición como o receptor dos lotes deberán gardar unha copia deles durante, polo menos, un período de doce meses a partir da súa expedición ou recepción.